



Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello presenta a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa á elaboración dun censo municipal de persoas maiores que vivan soas para evitar situacións de risco.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A soidade é unha forma xeralmente esquecida de exclusión social, especialmente grave en persoas de idade máis avanzada.

Os cambios na nosa sociedade nas últimas décadas e o ritmo de vida actual, fan cada vez máis frecuente que atopemos persoas de avanzada idade vivindo soas, ás veces sen ningún tipo de apoio. As causas que conducen a esta soidade poden ser moi diversas, desde o distanciamento da familia ou incluso a súa ausencia, ata o progresivo falecemento das persoas do seu entorno ó chegar a unha determinada idade ou á limitación das capacidades físicas que impiden ou dificultan a súa mobilidade, coma a perda de visión que lles resta confianza para saír a rúa soas. Un problema social que se acentúa naqueles casos nos cales non existe arraigo na localidade.

Este distanciamento e soidade pode dar lugar a un deterioro importante na calidade de vida de estas persoas, dende a perda da autoestima ata situacións de desamparo por non ter a quen acudir en caso de que o necesiten.

Dende os poderes públicos debemos velar por evitar na medida do posible que este tipo de situacións se produzan, e para elo o concello dispón de diferentes recursos para nosos maiores, recursos ós que en moitas ocasións os potenciais usuarios non acoden por simple descoñecemento.


Para que esta información chegue ós maiores do noso municipio, propoñemos que o concello sexa proactivo, é dicir, que sexa o propio concello quen se acerque a eles para informarlles de tódolos recursos dos que dispoñen para mellorar a súa calidade de vida e evitar posibles situacións de risco.

A Pobra do Caramiñal

O primeiro paso para camiñar ata esta política municipal proactiva é elaborar un censo de persoas maiores que vivan soas. Evidentemente, tódolos datos de carácter persoal deberán ser debidamente tratados con estrito cumprimento da protección de datos e utilizándoos exclusivamente co fin de servizo publico que inspira o espírito de esta moción.

**Por todo o exposto, solicitamos ó pleno da corporación:**

1. Instar o goberno municipal, á elaboración dun censo municipal de persoas maiores que vivan soas e de outras persoas que se atopen en situación de risco, por razón de idade ou diversidade funcional, coma o primeiro paso para acercar os recursos municipais os seus potenciais usuarios e evitar situacións de risco.
2. Realizar unha campaña municipal de información dos recursos e servizos existentes.
3. Promover distintos programas e actividades de envellecemento activo para mellorar a calidade de vida desta xente, tales como aluguer compartido ou de habitacións, acompañamento e apoio nas actividades diarias, espazos de convivencia, etc.

  
Manuel Mª Durán Guillán  
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**